



ÓS CATRO VENTOS MARÍN, O MAR E AS SÚAS XENTES RECORDANDO A FRANCISCO ROSALES BAMIO (PACO LOBEROS)

Por: Joaquín Cobo Area

CAPITULO III

Era, Paco Loberos, un home dunha grande calidade humana; un gran coñecedor das xentes, sobre todo de aqueles



que o rodeaban e que cada día e en cada manobra recibían e tiñan que acatar as súas ordes.

Houbo un tempo, na pesca do arrastre, de grandes

dificultades derivadas da falla de persoal, ata o punto que, con frecuencia, os barcos permanecían amarrados a porto, mentres armadores, chaboleiros e demais persoal de terra, vagaban tolos por montes e vales, vilas e aldeas, na procura dun home disposto a embarcar, aínda carecendo da preceptiva Cartilla de Navegación... isto xa se arranxaría. Nestas correrías e exploracións, pregoando as excelencias da mar e as súas pingües ganancias, chegábase ata municipios de moi terra dentro, incluso nas proximidades de Ourense, desde onde viñeron non poucos albaneis e labradores atraídos polos cantos de sereas, algúns dos cales, é de xustiza recoñecelo, aínda sendo de secaño resultaron magníficos mariñeiros. As cousas cambiaron, por decreto gubernativo e xa non era tan doado embarcar; a partir de certa data as autoridades dispuxeron que todo pretendente a mariñeiro debía estar en posesión do chamado Certificado de Competencia Mariñeira, que se obtiña despois dun cursiño elemental sobre nomenclatura do barco e pouco máis. Deixemos que sexa o propio Paco que nos fale a traveso de

MARIÑEIRO DE COMPETENCIA

Un albanel embarcou
ó Gran Sol de mariñeiro
e vinte días estivo
no catre con mareo.

Máis, tan pronto o barco
puxo rumbo o seu destino,
por un milagre divino,
se non o vexo non o creo
en menos que canta un galo
pasóuselle o mareo.

Tan pronto o barco amarrou
firme a estacha ó norai
pegou un brinco ¡carai!
e saltou a terra o primeiro.

¿Quen di que é albanel
este bravo mariñeiro?
Con aire de lobo de mar
e peito cara a diante,
esixiu o quiñón cobrar
en diñeiro contante e soante.

¿Acaso ten conciencia
a autoridade que lle expide
diploma de competencia
a este albanel que subscribe?

Nesta data e neste día
pido eu ós patróns,
por medio da telefonía,
déanme as súas opinións.

BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

ESPECIALIDAD

* ALBARIÑO

*PESCADITOS

*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

CAPITULO IV

Algo, que vou a comentar hoxe, quedouseme onte non tinteiro, aínda que dalgunha maneira xa se deixa entrever nun dos versos de Mariñeiro de Competencia. Se nun principio comentábamnos da espontánea realidade da xénese dos versos do noso pescador poeta, hai que engadir que non poucas das súas poesías foron recibidas, por primeira vez, a través do micrófono das telefonías dos barcos, circunstancia ben aproveitada para difundir, ós catro ventos, a rima duns versos compostos sobre a branca espuma das ondas do mar, onde Paco atopou a maioría das vivencias que versificou.

Abundando nas virtudes que adornaban a Paco, direilles que era un home culto e con boa formación; tiña unha bonita caligrafía e boa man para o debuxo, e como unha proba máis das súas inquiredanzas literarias, aquí o temos, apoiándose na estrutura dun dos nosos clásicos para disertar sobre unha



ESTRAÑA DOTACIÓN

Contan dun barco que, un día
tan mala dotación tiña
que era o verdadeiro asco
de toda a mariñeiría.

¿Haberá no Gran Sol, dicía
o Patrón con melancolía,
dotación tan inexperta
e de tan pouca valía?

Cando o rostro volveu
atopou a resposta vendo
como, con todo o mal tempo,
todos ían traballando
¡e os meu nenos *van durmindo*!

¿Onde os puido atopar
quen a bordo os meteu?;
Nos montes e nos prados
iso cho afirmo eu.

Son coma as bolboretas
bailando sobre as cordas,
seguro que as miraches
e, tal vez, non as recordas.

Ó dar o balance o barco
caen coma os ladrillos
cando os empurras un pouco:
isto é un xogo de nenos.

Máis, non todos son defectos
nesta estraña dotación;
voulles poñer un exemplo
a ver se teño razón.

Posúen un padal
do máis fino e delicado;
e ¿acaso é algún pecado
que, estes nenos tan mimados
en vez de comer cola-caos
se coman os linguados?

Teñen unhas ideas
que dan ganas de matalos,
pois se propuxeron, señores,
comer, sen contemplacións,
un cento destes exemplares
tan finos, raros e caros.